# Glosario

Tipo de célula que se caracteriza principalmente por ter un núcleo ben definido e delimitado por unha membrana. Aínda que hai diferenzas entre elas, as células dos animais, dos vexetais e dos fungos son de tipo eucariota.

Proceso no cal se unen dous gametos (masculino e feminino) para dar comezo o desenvolvemento dun novo ser vivo.

Proceso mediante o cal as plantas e as algas poden fabricar o seu propio alimento a partir de materia inorgánica e a enerxía do Sol.

Célula reprodutora, masculina ou feminina, que ao unirse coa do sexo oposto dá lugar ao desenvolvemento dun novo ser vivo.

Reino formado por seres vivos unicelulares procariotas. A este reino pertencen as bacterias.

Órgano das plantas que contén o embrión dunha futura planta.

Reino formado por seres vivos moi diversos que posúen células eucariotas e non se poden incluír en ningún dos outros catro reinos (animal, plantas, fungos ou moneras). Inclúe as algas e os protozoos.

Líquido formado polos sales minerais e a auga que toman as plantas pola raíz. Móvese desde a raíz ás follas a través dos vasos leñosos.

Líquido rico en materia orgánica que se produce nas follas da planta grazas á fotosíntese. Móvese desde as follas ao resto da planta polos vasos liberianos.